



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a.
Montero Muñoz, María
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

DESCULPA ASISTENCIA

Macías Cambra, Enrique
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 26 de maio de dous mil dez ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

O mércores, día **26 de maio 2010**, ás 11:35 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria do 20 de maio e da ordinaria do 21 de maio de 2010.
2. Proclamación definitiva dos resultados das eleccións a Reitor, a representantes no Claustro e a representantes de alumnos nos consellos de departamento.
3. Pronunciamento da Comisión Electoral sobre denuncias presentadas por incumprimentos da normativa que regula a campaña electoral.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria do 20 de maio e da ordinaria do 21 de maio de 2010.

Apróbanse por asentimento.

Punto 2. Proclamación definitiva dos resultados das eleccións a Reitor, a representantes no Claustro e a representantes de alumnos nos consellos de departamento.

Expón a secretaria xeral que só hai unha reclamación presentada á proclamación provisional de candidatos electos a Claustro polo sector estudantes. A reclamante é de D^a María José Martínez González que ante o empate en número de votos obtidos na Facultade de Historia entre ela e o Sr. Abraham Herrero Menor, alega que ela é máis antiga na Universidade de Vigo e que está matriculada nun ciclo superior.

De aplicarse o art. 13 do Regulamento de Claustro que establece que en caso de empate será considerado electo quen teña máis antigüidade no sector na Universidade. Neste caso, polos datos que constan no Servizo de Alumnado, o Sr. Abraham Herrero ten máis antigüidade e polo tanto, o recurso debe ser desestimado.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

Fai referencia a secretaria xeral tamén as alegacións feitas polo interventores das mesas e polos presidentes das mesas, pero que non deron lugar a ningunha reclamación.

Intervén a presidenta da Comisión para facer referencia ás reclamacións presentadas en relación ao voto electrónico no Departamento T05.

Ante a imposibilidade de exercer o voto por parte de varios profesores do departamento, acórdase estimar o recurso e permitir a repetición de elección no Departamento T05 polo sistema de voto en urna con papeleta.

Apróbase por asentimento a proclamación definitiva dos resultados das eleccións a Reitor, a representantes no Claustro e representantes de alumnos nos consellos de departamento.

Punto 3. Pronunciamento da Comisión Electoral sobre denuncias presentadas por incumprimentos da normativa que regula a campaña electoral.

Sinala a secretaria xeral que xa temos o informe xurídico emitido pola Asesoría Xurídica sobre a reclamación presentada por D. Rodrigo González López contra a Sra. Coloma Viúdez Lomba, no que apunta a conveniencia da apertura dunha información reservada.

Acórdase por asentimento remitir ao reitor este informe coa petición de apertura de información reservada.


Punto 4. Rogos e preguntas.

Agradece a presidenta aos membros da Comisión toda a axuda prestada polos membros da Comisión.

Apróbase a acta por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:10 horas do día 26 de maio de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado